ASOCIACIÓN DE EMPRESAS CONSIGNATARIAS Y ESTIBADORAS DE BUQUES DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (ACOESPO)

ARVI

FEDERACIÓN DE USUARIOS DEL PUERTO DE VIGO

Cámara Vigo

CEP

# Os empresarios reclaman celeridade na resolución do Recurso para continuar as obras de Areal e un pacto das forzas políticas que leve adiante o desenvolvemento portuario de Vigo

- A paralización das obras pon en perigo os 37 millóns de Fondos Europeos
- Estimase que, de producirse a ampliación en 2002, a caída do tráfico o pasado ano haberíase reducido en case 20 puntos, pasando do 25% ao 7%
- O Porto de Vigo necesita máis calado e línea de atraque para no perder competitividade

**Vigo, 11 enero 2010.-** Falta de competitividade, cuantiosas pérdas económicas e de emprego ou desvío de tráficos a outros portos da xeografía española. Esta son algunhas das consecuencias que tería unha nova paralización prolongada das obras de Areal para os máximos representantes da Confederación de Empresarios, a Cámara de Comercio de Vigo, a Cooperativa de Armadores, a Federación de Usuarios do Porto de Vigo e a Asociación de Empresas Consignatarias i Estibadoras de Buques da provincia de Pontevedra, que esta mañá amosaron a súa postura ante esta nova paralización. Así, o conxunto de empresarios reclamou, tendo en conta "o profundo respeto ás decisións xudiciais", a mesma "celeridade na resolución do recurso que presentará mañá no Porto de Vigo, como a que se tivo para levar adiante a denuncia, xa que as pérdas económicas son enormes". Por outro lado, os representantes empresariais reclamaron ás autoridades políticas "unha fronte

común, deixando de lado as discrepancias partidistas, co único obxectivo de desenvolver definitivamente o Porto de Vigo".

O presidente da CEP, José Manuel Fernández Alvariño, explicou que esta denuncia contra a ampliación de Areal e cursada por parte de cidadáns vigueses, "es un ataque directo a la economía de la ciudad" xa que o porto é o motor económico de Vigo. Alvariño, quen fixo un repaso polas dificultades nas ampliacións e desenvolvemento portuario ao longo destes oito anos, afirmou que, de terse levado a cabo a ampliación de Areal no 2002, as pérdas nos tráficos portuarios do pasado ano serían menores, pasando do 25% ao 7%. Pola súa parte, Gonzalo López Braga, presidente da Federación de Usuarios do Porto de Vigo, explicou que o momento actual é "clave" para o Porto, xa que "todos nuestros competidores están creciendo, y el único Puerto que está paralizado es Vigo, incluso con sentencias firmes favorables, y nos estamos jugando el futuro de la ciudad".

O presidente da Cámara de Comercio de Vigo, José García Costas, argumentou ademáis que a ampliación de Areal "tiene el beneplácito de todas las autoridades" e que, de perderse as axudas europeas, "habrá que pedir responsabilidades", porque "lo que se pierda ahora no se recuperará en el futuro". A este argumento tamén se referiu o responsable de ACOESPO, Bonifacio Logares, quen explicou que son moitas as empresas que se cuestionan o futuro do Porto de Vigo, planteándose a súa marcha a outros puntos, "con la dificultad que conlleva recuperar una línea que ha decidido marcharse".

**Economía de escala**

Finalmente, Javier Touza, presidente da Cooperativa de Armadores, mostrou a súa preocupación ante a actual situación económica, dado que “estamos evolucionando hacia una economía de escala, con barcos cada vez más grandes que necesitan grandes calados”, algo que neste momento Vigo no pode ofrecer. Neste sentido, o presidente de ARVI adiantou que xa hai “grandes empresas dedicadas a la comercialización que están desviando sus mercancías hacia otros puertos porque tienen mejores ventajas competitivas”. Touza recordou tamén que existe un importante proxecto loxístico, a PLISAN, que polo momento está parado, e afirmou que “si no somos una buena base de contenedores, estamos tirando el dinero”.